



Concello de Lugo



ao público en xeral.

O seu desenvolvemento, durante os catro días indicados, require ademais dun importante desprego publicitario, persoal, e doutros elementos que ao longo de moitas edicións demostráronse como necesarios para o éxito da EXFILNA. Entre eles cabe destacar:

- A promoción turística do lugar no que se desenvolve, neste caso Lugo, mediante a organización de actividades filatélicas e non filatélicas para os asistentes.
- A emisión, por parte de Correos de elementos filatélicos significativos do evento, como unha folla bloque da EXFILNA LUGO 2021, unha tarxeta pre-franqueada con un motivo de Lugo, dúas etiquetas de franqueo variable dedicadas aos lugares da cidade, así como varios mataselos conmemorativos, todo iso suxeito á programación de Correos.
- Asemblea extraordinaria da Federación de Sociedades Filatélicas.
- Conferencias...
- Cea de Palmarés na cal se fará entrega das medallas obtidas polos coleccionistas e trofeos aos gañadores de cada categoría competitiva (historia postal, filatelia temática, exposición libre...).

Cuarto.- Financiamento da EXFILNA LUGO2021

A EXFILNA LUGO2021 finánciase a través das contribucións de Correos, Fábrica Nacional de Moeda e Timbre e FESOFI así como outros organismos públicos ou privados como o Goberno da Xunta de Galicia, a Deputación provincial ou o Concello de Lugo no marco do presente convenio.

A orde de magnitude da organización dunha EXFILNA é aproximadamente duns 80.000€.

Este financiamento non ten porqué ser exclusivamente económica, senón que poderá basearse en distintas formas de colaboración que redunden na mellor organización da exposición.

Quinta.- Obxecto, colaboración co Concello

O Concello de Lugo, intégrase coma coorganizador do devandito evento polo impulso da cultura e os valores que a través da filatelia se transmiten así como na promoción do municipio de Lugo que acollerá, grazas a este evento, público tanto do resto de España como internacional.

Todo isto, baixo o interese público que ostenta unha actividade destas características,

Por todo isto,

ACORDAN

Primeiro.- Compromiso de colaboración

O Concello de Lugo e a Sociedade Filatélica Lucense comprométese á organización da EXFILNA LUGO 2021 nos termos que máis adiante se sinalan.

Segundo.- Compromisos da Sociedade Filatélica Lucense

A Sociedade Filatélica Lucense comprométese, como coorganizadora da EXFILNA 2021, ao seguinte:

- a) Realizar a montaxe da exposición entre os días 19 e 20 de outubro, e a desmonte entre os días 24 e 25 de outubro.
- b) Xestionar a seguridade da carpa durante os días da EXFILNA 2021.
- c) Facilitar ao Concello de Lugo os datos necesarios para a xestión dos permisos aos vehículos da organización (matrículas de vehículos, modelos, horarios...) na forma e maneira que lle sexan indicados polo Concello e indicar ás empresas subministradoras o contacto para

Documento firmado digitalmente con un certificado emitido por la F.N.M.T. a nombre de Luis Latorre Real como representante legal de la Sociedad Filatélica Lucense





Concello de Lugo

xestionar os seus permisos.

- d) Constatar a xenerosa colaboración do Concello de Lugo en toda a publicidade, cartelería, páxinas web, notas de prensa e comunicados relacionados coa EXFILNA 2021. O Concello figurará como patrocinador xunto a Correos e destacado sobre os demais colaboradores.
- e) Remitir ao Concello de Lugo os modelos de cartelería para a súa supervisión por esta administración de forma previa á súa impresión.
- f) Facilitar ao Concello de Lugo o programa de actos e cursar invitacións á Institución para participar, se o estima conveniente, en todas e cada unha delas en lugar destacado.
- g) Ceder ao Concello de Lugo un espazo expositivo na carpa temporal de Santa María para o uso que a administración considere convinte, sempre que estea en consonancia coa EXFILNA, o que inclúe calquera enfoque de promoción da cidade xa sexa turística, económica ou gastronómica.

Terceiro.- Compromisos do Concello de Lugo

O Concello de Lugo colaborará coa organización da EXFILNA 2021 nos termos seguintes sen que dita colaboración incorra en custo para a Sociedade Filatélica Lucense ou os restantes organizadores do evento:

- a) Poñer ao dispor da Organización unha carpa dunhas medidas mínimas de 10x25 metros que se instalará na Praza de Santa María de Lugo, e que a organización de EXFILNA poderá utilizar entre os días 19 e 25 de outubro de 2021.
- b) Xestionar os permisos necesarios para o acceso de vehículos de carga e descarga co material da Exposición tanto da sede situada na propia carpa como das outras dúas (Círculo das Artes e Deputación Provincial).
- c) Facilitar a subministración eléctrica á carpa, así como os permisos e licenzas que sexan necesarias para o seu normal uso.
- d) Publicitar nas súas redes sociais e da forma que estime oportuno a celebración da EXFILNA, usando para elo os logos e cartelería facilitados pola Organización ou supervisados por esta.
- e) Cesión de uso dos espazos publicitarios para a promoción da EXFILNA 2021, concretado nos MUPIs propiedade do Concello que considere oportuno así como outras ubicacións que consideren de interese.
- f) Promoción da cidade de Lugo, co desenvolvemento de visitas guiadas ao casco histórico. Para iso o Concello poñerá ao dispor da organización visitas guiadas co alcance e duración habitual das mesmas.
- g) Utilizar o espazo expositivo da carpa contemplado na letra g do apartado anterior por si mesmo, sen cesión a terceiras entidades sen a conformidade expresa da Sociedade Filatélica Lucense.

Esta aportación do Concello de Lugo á EXFILNA 2021 concretarase sen transferencia de capital algunha, achegando á Organización os elementos descritos no punto terceiro.

Cuarto.- Vixencia do convenio

Dado que o alcance do presente convenio é en exclusiva a colaboración na mellor organización da

Documento firmado digitalmente con un certificado emitido por la F.N.M.T. a nombre de Luis Latorre Real como representante legal de la Sociedad Filatélica Lucense





Concello de Lugo



EXFILNA 2021, o convenio extinguírase tras a clausura do acto, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance da exposición, ou aqueloutras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Serán causas de resolución anticipada, ademais das expresamente previstas na lexislación aplicable:

- a) O incumprimento das obrigacións por calquera das partes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado aos membros da Comisión de Seguimento e á entidade incumplidora.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolvido o convenio.

- b) A imposibilidade de realizar o proxecto no lugar e data establecidos por calquera causa.

- c) Por acordo entre ambas as partes.

Quinto.- Discrepancias

As discrepancias en canto á interpretación do presente convenio resolveranse de mutuo acordo entre as partes, chegando a firmas addendas ou notas aclaratorias ao mesmo se fose necesario.

Con todo, se o conflito non se resolvese nos termos pactados, as diverxencias que podan xurdir quedarán sometidas á correspondente xurisdicción contencioso-administrativa.

En proba de conformidade asinan por duplicado na data do encabezamento,

Sexto.- Comisión de Seguimento.-

No caso de que algunha das partes o solicitase, crearase unha Comisión paritaria de Seguimento, constituída por catro membros, dous por cada unha das partes, que velará polo cumprimento dos acordos establecidos no presente documento e que resolverá todas as cuestións que poidan exporse en relación co desenvolvemento do proxecto.

En caso de discrepancias entre os membros da Comisión de Seguimento, someterase a solución das mesmas á decisión dos que subscriben o presente convenio. A Comisión reunirase coa frecuencia que os seus integrantes consideren necesaria e poderán asistir ás súas reunións as persoas que en cada momento consideren oportuno os membros da Comisión.

D^a Ana María González Abelleira

Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social do Concello de Lugo



Documento firmado digitalmente con un certificado emitido por la F.N.M.T. a nombre de Luis Latorre Real como representante legal de la Sociedad Filatélica Lucense

D. Luis Latorre Real,
Presidente da Sociedade Filatélica Lucense

Documento firmado digitalmente con un certificado emitido por la F.N.M.T. a nombre de Luis Latorre Real como representante legal de la Sociedad Filatélica Lucense

